A a Xunta de Goberno Local queda sabedora da modificación da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 € dentro do Plan de Sostibilidade Turística en Destino, nos termos especificados no anterior cadro de programación de actuacións.

Se dea traslado ao departamento de intervención a efectos de que se leven a cabo as modificacións do proxecto de gasto e, de ser o caso, os axustes contables correspondentes.

PRP2026/1713

En sesión de XGL de 20 de abril 2026, a XGL acordou aprobar a iniciativa “BONOS SON DA CASA 2026”

Na mesma data as dúas partes asinaron o convenio, constando no expediente como doc. Nº 24. Segundo reflicte a BASE SEXTA do Convenio, o Concello de Vilagarcía aportará 18.750,00 € con carácter pre-pagable, mediante transferencia á conta bancaria IBAN ES85 2080 5067 1230 4004 6449 (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociación de Comerciantes Zona Aberta), con cargo á partida orzamentaria 4311-470.

A transferencia dos fondos levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1º PAGO: Logo da sinatura do convenio polas dúas partes, a unidade tramitadora, previa fiscalización pola intervención municipal, elevará proposta a XGL solicitando o recoñecemento da obriga e a transferencia a Zona Aberta de 11.250,00 €, equivalentes ao 60% da cantidade total correspondente ao Concello.

2ª PAGO: Xustificada pola Asociación de Comerciantes a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita (nos termos indicados na base SÉTIMA), procederase a transferir por parte do Concello, a cantidade de 7.500,00 €, equivalente ao 40% restante do total da aportación municipal

En data 20 de abril publicouse o Convenio na BDNS co código 900122, así como o extracto das bases no BOPPO de 23 de abril de 2026.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento da obriga e a transferencia a Zona Aberta 11.250,00 €, equivalentes ao 60% da cantidade total correspondente ao Concello, con cargo á partida 4311.470.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/1678

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, indicanco que para o correcto desenvolvemento do programa de concertos da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026 é preciso é necesario proceder ao aluguer

de pianos de cola Steinway & Sons para desenvolver os concertos do festival, desde o día 25 ata o día 26 de xuño inclusive, para un total de tres concertos.

Vista a citada proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa HINVES PIANOS, SL, con CIF B18651901, por un importe de por un importe de total de 4.758,93 € (3.933,00 € + 825,93 € do IVE) con cargo á Partida 3261 205 do orzamento do Festival clasclás para o ano 2026.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1691

Dáse conta de informe-proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que indica que no programa de concertos da IX edición do Festival clasclás 2026, compre proceder á sobretitulación en castelá dos textos de dous concertos- o inaugural coa Paixón segundo san Xoán e o Concerto sobre o Lied (poesías e textos aplicados á música)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Javier Gey Fungueiriño con NIF 44823547C por un importe de 1.524,60 € (1.260,00 € + 264,00 € do IVE) con cargo á partida 3261 203 do Proxecto de gasto con código 2026/3/CRRTE-5, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á liña 2 do proxecto polo importe de 1.241,07 € (financiada co contrato de patrocinio do Sr. Carregal)
- Con cargo á liña 1 do proxecto polo importe restante de 283,53 € (financiada con RRPP)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1692

Dáse conta de informe-proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que se indica que o concerto de clausura da IX edición do Festival clasclás, que terá lugar o sábado 27 de xuño, en conmemoración do eclipse que terá lugar o 12 de agosto, realizarase a cargo da ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA con proxección simultánea, a cargo do astrónomo Dr. D. José Francisco Salgado, habitual colaborador da NASA.

Que postos en contacto co persoal da OSG, que interpretará o mesmo concerto o venres 26 de xuño en A Coruña, informáronnos de que alugarían un cañón para o dito evento á empresa CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L. con CIF B15843394. Xa que o cañón proxector que ten o Auditorio Municipal non posúe as características técnicas precisas para á dita proxección, propoñemos alugar o mesmo equipo para que a realización de ámbolos dous concertos sexa exactamente á mesma e facilitar así o traballo de todo o persoal e que os resultado sexa óptimo.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L. con CIF B15843394, por un importe 774,40 € (640,00 € + 134,40 € do IVE) con cargo á partida 3261 203TE-5.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1693

Dáse conta de informe-proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que indica que compre proceder a contratación dos gastos correspondentes aos servizos de Deseño Gráfico do libro e programas de man do Festival clasclás 2026, propoñendo que esta tarefa sexa realizada como ata o de agora por Carlos Crespo Gómez, con NIF 15373039T

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a contratación dos servizos de Deseño Gráfico do Libro programa e programas de man que sexan precisos para o Festival clasclás 2026 a Carlos Crespo Gómez, con NIF 15373039T polo importe total de 907,50 € (750,00 € + 157,50 € do IVE) e con cargo á partida 3261 22706 do Proxecto con código 2026/3/CRRTE/ Liña 1

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1723

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 8 de maio de 2026 con nº 15.37044- polo cal ven de outorgar a concesión dunha subvención a este Concello – Conservatorio Profesional de Música - para os GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DA IX EDICIÓN FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS por un importe de 30.000,00 € e cun orzamento de 30.000,00 € ao abeiro da Liña 2. Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello” do PLAN + PROVINCIA 2026, xunto con outras subvencións solicitadas, por un importe total de 127.072,90 €, seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
IX Festival Internacional de Música ClasClas	30.000,00 €	30.000,00 €
Espectáculo Combate Naval Vilagarcía 2026	47.154,78 €	47.154,78 €
Programa de habilidades socioemocionais para a mellora de convivencia	8.748,30 €	8.748,30 €
Proxecto de acción social a través do teatro aforo	5.154,60 €	5.154,60 €
Proxecto de prevención de problemáticas socioeducativas en contornas dixitais	4.235,00 €	4.235,00 €
Proxecto de Prevención da ludopatía en menores	3.690,50 €	3.690,50 €
Programa para fomentar a igualdade de xénero	13.689,72 €	13.689,72 €
Proxecto Activate - Taller estimulación cognitiva e psicomotriz	14.400,00 €	14.400,00 €
TOTAL	127.072,90 €	127.072,90 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2026/1671

Dáse conta de informe do Servizo de Parques, en relación coa necesidade de reparación do parque infantil do Sixto-Solobeira por estar deteriorado e en mal estado consistente na reparación de 6 elementos de xogo por atoparse desgastados e/ou deteriorados, polo que resulta necesario a súa restauración, así como reparación dun banco e do valado perimetral.

Dáse conta dos orzamentos presentados polas empresas NELMAR SL por unha cantidade de 13.987,60 € (IVE 21% incluído), MIGUEL BOUBETA RODRIGUEZ por unha cantidade de 15.609,00 € (IVE 21% incluído) e PCC por unha cantidade de 14.701,50 € (IVE 21% incluído).

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato menor á empresa NELMAR SL, con CIF B36176832 por un importe de 13.987,60 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 171-22615, por presentar a oferta máis vantaxosa para o Concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2026/1676

O vindeiro 12 de agosto vai a haber un eclipse total de Sol que está xerando un grande interese para o público en xeral, tanto local como visitantes, porque Galicia é unha boza zona para contemplalo.

A Concellería de Turismo está a organizar unha grande “quedada”, para 1.000 persoas, na praia da Compostela para contemplar ese fenómeno e pretende dar unhas gafas a todas as persoas que acudan. E tamén se entregarán a outros colectivos ou grupos.

Para a compra desas gafas, solicítouse presuposto á empresa Bresser Iberia SLU, recoñecida pola súa calidade nese mercado.

Para 2.000 gafas, 1.000 unidades de 2 pezas, presentan o que se achega, que ascende a 2.193,00 € (IVE engadido).

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a compra de 2.000 gafas á empresa Bresser Iberia SLU, por un importe total de 2.193,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22610, para ser entregadas ás persoas que acudan ao acto que o Concello organiza na Praia Compostela e a outros colectivos, para a observación do eclipse solar o vindeiro 12 de agosto de 2026.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2026/1661

A Xunta de Goberno Local de data 30 de xuño de 2025 aprobou a sinatura dun convenio para a concesión dunha subvención directa, coa natureza de prepagable á Entidade Padroado Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, por un importe dede 46.269,00€, correspondendo 38.769,50 € á aplicación 334.48205 e 7.500,00 € á aplicación 334.78000.

A Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2026 acordou o recoñecemento de obriga do primeiro pago á entidade, polo 50% da cantidade total, por importe de 23.134,75 € (19.384,75 con cargo á partida 334.48205 e 3.750,00 € con cargo á partida 334.78000).

A Xunta de Goberno Local de data 3 de novembro de 2025 acordou o recoñecemento de obriga do segundo pago, polo 25% da cantidade total, (9.692,25 €, con cargo á partida 334.48205 e 1.875,00 € con cargo á partida 334.78000).

Dáse conta dos xustificantes de gastos presentados polo Padroado Banda de Música de Vilagarcía en relación co Convenio asinado para o exercizo 2025, vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Dar por xustificado desde o punto de vista técnico do Departamento de Cultura, o convenio asinado coa asociación sen ánimo de lucro “Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa ” 2025 , sen prexuízo do ditaminado pola Intervención Municipal.

Segundo: O Recoñecemento da Obriga (Fase O) e ao posterior terceiro e último pago do convenio , correspondente ao 25% final, tal e como consta na cláusula sétima do conveni o de 2025 , correspondendo 9.692,25 € á partida de gastos ordinarios (334.48205) en Fase AD , e da partida de investimentos (334.78000) en Fase AD o pago final de 758,86 € ao minorarse por non xustificar o 100% do previsto nesa partida.

PRP2026/1704

Como cada ano, esta Concellería de Cultura organiza as festas de Sta. Rita 2026 os vindeiros días 21,22,23 e 24 de maio.

Estas festas, que pola súa tradición lúdica, festiva, cultural e relixiosa, atrae a numeroso público que visitan o noso pobo de Vilagarcía para render homenaxe a Santa Rita. Son unha das citas máis importantes no calendario das nosas festas, e polo tanto deixan importantes beneficios, tanto no comercio local como no sector da hostalería.

Durante as mesmas, para dinamizar e animar e darlle un maior realce, prográmase unha serie de actividades e distintos actos de carácter lúdico, festivo cultural, pasacalles, concertos, verbenas, Feira Celta, actividades infantís, actividades deportivas, festival folclórico...) para o disfrute da veciñanza, así como de todos que se achegan o noso pobo nestas festas de Santa Rita.

Todas elas son de balde e para o público en xeral, así como a promoción da cidade e gastronomía, apoiando a hostalería e comercio do pobo e dando a coñecer os distintos puntos de interese da mesma.

Vista a proposta da Concellería de Cultura aprobar os gastos para a celebración da programación das FESTAS SANTA RITA 2026, cuxo importe total ascende a cantidade estimativa 40.498,63€ que a continuación se detalla:

NOME	CIF	CONCEPTO	DIA	B.I.	I.V.E.	TOTAL	PARTIDA	OBSERVACIÓNS
------	-----	----------	-----	------	--------	-------	---------	--------------

TERCEIROS					(21%)				
ESPECTÁCULOS A CANTARUXA S.L.	B70377924	ACTUACIÓN FRAN VALENZUELA CÓ ESPECTÁCULO "LO QUE FUI ES LO QUE SOY" EN HOMENAJE A ALEJANDRO SANZ	23/05/2026	12.370,00 €	2.597,70 €	14.967,70€	338-22609	A FORMA DE PAGO ESTABLECIDA INDICA: 100% EN UN TEMPO MÁXIMO DE 15/20 DÍAS A PRESENTACIÓN DA FACTURA	
EVENTS BRANCH S.L.	B67515783	ACTUACIÓN MOE Dj	23-05-2026	530,00€	111,30€	641,40€	338-22609		
ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL CODA	G94097508	REPRESENTACIÓN ESPECTÁCULO "ÉRASE OUTRA VEZ"	24/05/2026	6.799,00 €	EXENTO	6.799,00 €	338-22609	ESTE ESPECTÁCULO SERÁ NO SALÓN ACTOS AUDITORIO PREZO ENTRADA 2,00€. RECADACION PARA CONCELLO	
ASOC. CULTURAL LUMARADA	G94150414	PASARRÚAS	21/05/2026	350,00 €	EXENTO	350,00 €	338-22609		
ASOC. CULTURAL GAITAS MAR DE AROUSA	G36499127	PASARRÚAS	22/05/2026	391,00 €	EXENTO	391,00 €	338-22609		
ASOC. CULTURAL CANTAREIRAS BULIDEIRAS	G94093598	PASARRÚAS	22/05/2026	350,00 €	EXENTO	350,00 €	338-22609		
GRUPO DE GAITAS CENTRO CULTURAL DEPORTIVO STA. PLÁCIDA	G36114502	PASARRÚAS	23/05/2026	391,00 €	EXENTO	391,00 €	338-22609		
AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA FROALLO	G36198927	PASARRÚAS	23/05/2026	391,00 €	EXENTO	391,00 €	338-22609		
ASOC. CULTURAL FOLKLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA DE GUILLÁN (-Grupo Treboada)	G94007911	PASARRÚAS	24/05/2026	350,00 €	EXENTO	350,00 €	338-22609		
AGRUPACIÓN CORO PARROQUIAL SANTA EULALIA	G36197721	Celebración misa	22/05/2026	335,00 €	EXENTO	335,00 €	338-22609		
SONIDO ILUMINACIÓN GOYPLASÓN S.L.	B94001088	Producción técnica concerto Valenzuela o día 23-05-2026	23/05/2026	5.640,00 €	1.184,00 €	6.824,60 €	338-22799		
PIROTÉCNIA PENIDE S.L.	B15209430	Pirotécnia	do 21 a 24 de maio	840,00 €	176,40 €	1.016,40 €	338-22799		
OCIO SPORT AROUSA S.L.	B94152154	Aluguer módulos WC	20 a 25 de maio	2.000,00 €	420,00 €	2.420,00 €	338-203		
CLECE S.A.	A80364243	Servizo extraordinario limpeza módulos WC	Do 20 a 25 de maio	277,38 €	58,25 €	335,63 €	338-2270		
MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.L.						2.436,00 €	338-224	UNHA VEZ PRESENTADA FACTURA	
SGAE						2.000,00 € (estimativo)	338-22699		
IMPREVISTOS						500,00€ (estimativo)	338-22699		

PRP2026/1705

Vista a solicitude de D. José Martín Ventoso Portas, en representación da Comisión de Festas Santa María de Guillán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na

contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Antonio en Guillán o vindeiro día 13 de xuño de 2026:

NOME	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE	PARTIDA ORZAMENTARIA
ASOC. CULTURAL FOLKLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA (Grupo de Gaitas Treboada)	G94007911	13-06-2026	350,00€	334-22609
ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL AMENCER	G94135449	13-06-2026	335,00€	334-22609

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/1706

Vista a solicitude de D. Germán Manuel Torres de Aboal, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con motivo da celebración da Festividade de Corpus en Vilagarcía, o vindeiro día 7 de xuño de 2026:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE	PARTIDA ORZAMENTARIA
AGRUPACIÓN CORO PARROQUIAL STA. EULALIA	G36197721	07-06-2026	335,00€	334-22609
AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA FROALLO - GAITAS FROALLO-	G36198927	07-06-2026	391,00€	334-22609

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2026/1677

Debido ao mal estado do edificio do Balneario que presenta xanelas rotas e varios danos nas dependencias do inmovible por vandalismo e para evitar maiores danos é necesario, en atención á seguridade do edificio e o ornato do mesmo, reparar os distintos danos actualmente existentes.

A tal efecto compre realizar a redacción dunha memoria valorada do edificio para determinar as actuacións de conservación e mantemento necesarias para a súa seguridade e ornato.

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda Adxudicar o contrato menor de servizos consistentes na "REDACCIÓN DA MEMORIA TÉCNICA VALORADA PARA OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA ENVOLVENTE DO EDIFICIO DO BALNEARIO" á Arquitecta Técnica OLALLA RÍOS RIVEIRO (NIF 35482243M), por un importe de 2.000,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 420,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación 2.420,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 150-64000.

PRP2026/1695

Debido ás chuvias que se produciron ao longo deste inverno, o edificio do Auditorio Municipal presenta diversas filtracións que deron lugar a danos en varias dependencias do inmovible. Para evitar maiores danos é necesario reparar a orixe das filtracións sen prexuízo de reparar tamen os

danos actualmente existentes.

A tal efecto compre realizar unha análise do edificio para determinar as actuacións que deben acometerse, ao obxecto de redactar o correspondente proxecto técnico das obras.

Inclúe:

- Levantamento de información e análise do estado actual do edificio.
- Proxecto Técnico: Memoria, planos, prego de condicións, medicións e orzamento. Estudo de Seguridade e Saúde. Estudo de Xestión de Residuos.

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, acorda Adxudicar o contrato menor de servizos consistentes no “LEVANTAMENTO DE INFORMACIÓN E ANÁLISE ACTUAL DO EDIFICIO DO AUDITORIO E Redacción de proxecto técnico para a rehabilitación parcial do auditorio municipal de Vilagarcía de Arousa” ao Arquitecto PAULINO SÁNCHEZ CHAO. (NIF 52.491.040A), por un importe de 3.500,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 735,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación 4.235,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 150-64000.

PRP2026/1697

O Concello de Vilagarcía de Arousa pretende levar a cabo a instalación, no xardín da Praza da Independencia desta vila, dunha labra heráldica de pedra retirada da antiga casa dos Abalo, cando esta foi demolida en 1973. Deste xeito, búscase lograr a posta en valor e exposición pública a modo de elemento de mobiliario urbano dunha peza de gran valor artístico e histórico.

Este escudo representa as armas da familia López Ballesteros, da casa da Golpelleira, porque estes foron propietarios do inmovible que facía esquina entre as rúas Edelmiro Trillo e Padre Feijoo, que finalmente chegou á familia Abalo.

Os traballos necesarios para levar a cabo dita actuación, descritos no proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, contemplan a instalación en vertical dos catro sillares labrados que compoñen o escudo, sobre un pedestal de formigón cunha cara inclinada para posibilitar a instalación dunha placa explicativa.

Solicitada autorización á Delegación Territorial da Consellería de Cultura para proceder á instalación do citado escudo na Praza da Independencia deste Concello, aquela requira a este concello, conforme ao acordo adoptado polo Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Pontevedra, na súa sesión de 10 de decembro de 2025 para que complete a súa solicitude achegando a seguinte documentación:

- Proxecto de restauración asinado por técnico competente que contemple os traballos necesarios a realizar nas xuntas dos catro bloques, nas volutas que adornan a parte principal e no penacho do “yelmo”.

O Consello de Patrimonio Cultural de Pontevedra recomenda protexer o escudo no pedestal, cun elemento tipo cornixa ou similar (reproducindo incluso parte da fachada coa cornixa do edificio orixinal no que se atopaba o escudo, por tratarse dunha configuración singular e como un chisco á súa procedencia), que o ampare das inclemencias climatolóxicas, evitando a erosión precipitada da pedra. Así mesmo recoméndase manter un espazo de respecto arredor do pedestal e/ou algún elemento que impida o contacto directo co escudo.

O Consello recomenda estudar a posibilidade dun cambio de ubicación e instalar o escudo nun espazo interior máis axeitado para a súa conservación. Este non é unha escultura, de bulto redondo, senón un elemento concibido para integrarse na fachada dunha edificación e apoiado nun paramento.

Solicitouse orzamento para a “Redacción do anexo de restauración do proxecto de obra: “INSTALACIÓN DO ESCUDO DA FAMILIA “LOPEZ BALLESTEROS e redacción dunha memoria final dos traballos de instalación”, á restauradora dona Iria López Baltar, no que define os honorarios profesionais correspondentes á REDACCIÓN DO ANEXO DO PROXECTO DE OBRA: “INSTALACIÓN DO ESCUDO DA FAMILIA “LOPEZ BALLESTEROS

Inclúe:

- A Redacción do anexo de restauración ao proxecto de obra redactado pola oficina técnica

do Concello de Vilagarcía: “INSTALACIÓN DO ESCUDO DA FAMILIA “LOPEZ BALLESTEROS”

- Redacción dunha memoria final dos traballos da instalación

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda Adxudicar o contrato menor de servizos de “Redacción do anexo do proxecto de obra: “INSTALACIÓN DO ESCUDO DA FAMILIA “LOPEZ BALLESTEROS” á Restauradora dona IRIA LÓPEZ BALTAR (NIF 46896621N), por un importe de 1.000,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 210,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación 1.210,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 150-64000.

PRP2026/1725

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 1 de decembro de 2025, aprobáronse o prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de subministración de arrendamento con mantemento (renting) dun vehículo para o servizo municipal de Cemiterios.

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores: ALVEGAL, S.L., ANDACAR 2000, S.A. e Grupivazgle, S.L.

Os licitadores do contrato de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

LICITADOR	Prezo de arrendamento e mantemento (sen IVE)	Prezo: de diminución do importe abono €/km	Pola do alza de importe abono €/km	Pola do de PPT (reparación do vehículo)	Mellora: punto 2.4	Mellora: subministro e instalación dunha baca no teito do vehículo	Mellora: polo incremento do número mínimo de km anuais	Mellora: entrega e recollida do vehículo en Vilagarcía Arousa	Mellora: e redución do prazo de entrega do vehículo a 1 mes
Grupivazgle, S.L.,	24.960,00€	Penalización de 0,20€ por km. percorrido de máis sobre os kilómetros anuais	Abono de 0,01€ por km. non percorrido respecto aos kilómetros anuais ofertados.	Sí	Sí	Sí	Sí	Sí	
Alvegal, S.L.	27.840,00€	Cargo por km realizado en exceso durante o período contratado 0,00€/km	Abono por km. non realizado durante período contratado 0,40€/km.	Sí	Sí	Sí	Sí	Sí	

De conformidade co informe técnico emitido con data 9 de marzo de 2026 polo responsable municipal de cemiterios do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Narciso Boullosa Tüñez, no cal se valoran as proposicións técnicas presentadas polos licitadores de acordo aos criterios do PCAP, e en base ao contido do mesmo, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 18 de marzo de 2026, acordou excluír da licitación denominada «Arrendamento con mantemento (renting) dun vehículo para o servizo municipal de cemiterios», ao licitador Andacar 2000 (NIF: A12363529, S.A.) por incumprimento da cláusula 3.3 do prego de prescricións técnicas que rexen a licitación, na que se esixe que o vehículo ofertado non pode ter unha cilindrada inferior a 1.000 cc.

Unha vez aplicados os criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, resulta a seguinte valoración:

LICITADOR	Puntuación oferta técnica	Oferta económica sen IVE	Puntuación criterios economicamente avaliáveis	TOTAL PUNTOS
Grupivazgle, S.L.,	17	24.960,00€	79	96 (Proposto para a adxudicación)
Alvegal, S.L.	20	27.840,00€	72,24	92,24

A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación, formulándose polo citado órgano de asistencia, na súa sesión, do 10 de abril de 2026, no seguinte senso:

“De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de xeito decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B27480581 Grupivazgle, S.L. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 17

Total criterios CAF: 79

Total puntuación: 96

Orde: 2NIF: B36450336 ALVEGAL, S.L.

Total criterios CJV: 20

Total criterios CAF: 72.24

Total puntuación: 92.24

Visto o que antecede, e téndose completado o expediente de contratación e incorporada ao expediente a documentación á que fai referencia o artigo 150.2 da LCSP, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de subministración denominado “Arrendamento con mantemento (renting) dun vehículo para o servizo municipal de Cemiterios”, cun orzamento de licitación de 28.925,62 € (sen IVE); 35.000,00 € (con IVE), á empresa con NIF B27480581 Grupivazgle, S.L., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 164-204.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 24.960,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 5.241,60€, o que totaliza un importe de 30.201,60 € (IVE incluído).

Desagregación do prezo ofertado:

ARRENDAMIENTO (indicar prezo con e sen IVE)			Mantemento (indica prezo con e sen IVE)		
Prezo total do arrendamento			Prezo total mantemento		
Sen IVE	IVE 21%	IVE INCLUÍDO	SEN IVE	IVE 21%	IVE INCLUÍDO
14.976,00 €	3.144,96 €	18.120,96 €	9.984,00 €	2.096,64	12.080,64 €

ARRENDAMENTO (indicar Prezo con e sen IVE)			Mantemento (indicar Prezo con e sen IVE)						TOTAL ARRENDAMENTO E MANTEMENTO		
Cota mensual arrendamento por Vehículo			Prezo mensual Mantemento por Vehículo						Prezo mensual arrendamento e Mantemento por Vehículo		
SEN IVE	IVE 21%	IVE Incluído	Mantemento			Seguro			SEN IVE	IVE 21%	IVE Incluído
			SEN IVE	IVE 21%	IVE Incluído	SEN IVE	IVE 21%	IVE Incluído			
312,00€	65,52€	377,52€	104,00€	21,84€	125,84€	104,00€	21,84€	125,84€	520,00€	109,20€	629,20€

Número de Km./ano vehículo:	250.000 km/ano
Prezo euros/Km.	0,20 €/Km.
Cargo por Km. Realizado en exceso durante o período de contrato	0,00 km.
Abono por Km. Non realizado durante o período de contrato:	0,40€/km.

- Melloras:

- Mellora con respecto ao punto 2.4 do PPT (reparación do vehículo): reparacións de mantemento no mesmo día da entrega do vehículo e 2 días en reparacións mecánicas. Ofértase a precitada mellora.
- Subministro e instalación dunha baca homologada no teito do vehículo. Ofértase dita mellora.
- Mellora: polo incremento do numero mínimo de km anuais contemplado na cláusula 7 del PPT. Ofértase un aumento de 250.000 km./anuais.
- Entrega e recollida do vehículo de substitución dentro do termo municipal de Vilagarcía de Arousa. Ofértase vehículo de substitución dentro o termo municipal de Vilagarcía de Arousa
- Redución do prazo de entrega do vehículo en 1 mes, quedando o prazo en 1 mes. Ofértase unha redución do prazo de entrega a 29 días desde a adxudicación do contrato.

2.- Designar ao responsable municipal de Cemiterios do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Narciso Boullosa Túñez, como responsable do contrato denominado CT 94/2025-e “Arrendamento con mantemento (renting) dun vehículo para o servizo municipal de Cemiterios”.

PRP2026/1729

En data 18/03/2026 e número de Rexistro WEB2026002189, Iluminaciones Santiaguesas, S.L. solicita prórroga para as Festas de Nadal 2026-2027 e Festas de Sta. Rita e S. Roque 2027, xunto a unha proposta técnica presentada en data 26/03/2026 e número de Rexistro WEB2026002438 despois do seu requirimento.

Á vista do informe emitido en data 23/04/2026 polo Xefe de Alumeado Municipal do Concello no que se informa FAVORABLEMENTE e o emitido en data 27/04/2026 pola Secretaria Xeral do Concello e que se transcribe deseguido:

“ INFORME:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14 de outubro de 2024, adxudicouse o contrato denominado “Subministración (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmonte dos mesmos para as festas de Nadal 2024/2025 e festas de S. Rita e S. Roque 2025, a distribución en Baixa tensión e conexión e desconexión das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das festas de S. Rita e S. Roque, 2025” cun orzamento de licitación de 115.000,00 € (IVA incluído) á empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L (NIF: B15279359).

Con data 12 de novembro de 2024 procedeuse á sinatura do correspondente contrato administrativo, onde se fai constar que o prazo de execución do subministro é o seguinte: O contrato terá unha duración de 1 año, contado a partir da data da sinatura do contrato. O contrato poderá prorrogarse por anualidades ata un máximo de dous (prazo total de duración do contrato incluídas as posibles prórrogas: 3 anos).

O prego de prescricións técnicas que rexe a licitación no seu punto 2 sinala: que no caso de prórroga do contrato, as datas das celebracións na segunda prórroga será a seguinte:

Festas 2026/27:

* Nadal 2026/27: Do 28 de novembro de 2026 a 7 de xaneiro de 2027 (ambos inc.)

* Festas de Sta. Rita 2027: Do 20 ao 23 de maio de 2027 (ambos inc.):

- Caravanas: do 11 ao 24 de maio de 2027.

- Atraccións: do 12 ao 23 de maio de 2027.

* Festas de S. Roque 2027: Do 12 ao 22 de agosto de 2027 (ambos inc.):

- Caravanas: do 9 ao 24 de agosto de 2027.

- Atraccións: do 10 ao 23 de agosto de 2027

O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe a licitación na súa cláusula 5.3 sinala que “Agás que no Anexo I se indique o contrario, o contrato poderá prorrogarse de acordo co establecido no Art. 29 da LCSP. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súa características permanezan inalterables durante o período de duración de estas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos art. 203 a 207 da LCSP”.

Pola súa banda, no anexo I.13) do PCAP indícase que: “O contrato poderá prorrogarse por anualidades ata un máximo de dous (prazo total de duración do contrato incluídas as posibles prórrogas: 3 anos).

As prórrogas do contrato poderán ser autorizadas polo órgano de contratación previa ponderación das circunstancias que concorran. Para a autorización das posibles prórrogas será necesario que o contratista presente, antes do 15 de maio da anualidade correspondente, unha nova proposta técnica de deseño da iluminación ornamental das distintas festividades, renovando os deseños da iluminación como mínimo nun 50%”.

Dun xeito análogo pronunciase a cláusula 2 do PPT.

A cláusula 4 do PCAP indica que “Para atender los deberes económicos que se derivan para el Ayuntamiento del cumplimiento del contrato deberá de existir crédito suficiente en el presupuesto correspondiente a la primera anualidad y consignarse en los presupuestos de cada uno de los ejercicios presupuestarios a los que se extienda el contrato crédito suficiente para atender el mismo, y con cargo a la aplicación presupuestaria señalada en el Anexo I (cuadro de características del contrato), estando financiado según el desglose indicado en dicho anexo”.

De acordo co indicado no PCAP que rixe o contrato, o importe da prórroga para o ano 2026-2027 ascende a:

Sen IVE	IVE (21%)	Total (IVE inc.)
95.041,32 €	19.958,67 €	115.000,00 €

Desagregándose do seguinte xeito:

Festividade:	Sen IVE	IVE inc.
1ª parte Nadal 2026	14.869,42€	17.992,00€
2ª parte Nadal 2026, aninovo e reis 2027	59.890,08€	72.467,00€
Santa Rita 2027	6.662,40 €	8.061,50 €
San Roque 2027	13.619,42 €	16.479,50 €

O importe das anualidades correspondentes é o seguinte:

Anualidade 2ª prórroga Ano 2026	17.992,00 €
Anualidade 2ª prórroga Ano 2027	97.008,00 €

En atención ao exposto, infórmase FAVORABLEMENTE a 2ª e derradeira prórroga do Contrato de Servizos denominado “Contrato mixto para a prestación do servizo de subministro (alugueiro) de elementos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2024/2025 e festas Santa Rita e San Roque 2025, así como a distribución en baixa tensión e conexiónado orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes”, para o ano 2026/2027”.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a 2ª Prórroga do contrato denominado “Contrato mixto para a prestación do servizo de subministro (alugueiro) de elementos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2024/2025 e festas Santa Rita e San Roque 2025, así como a distribución en baixa tensión e conexiónado orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes”, para o ano 2026/2027.
2. Darlle traslado deste acordo a ILUMINACIONES SANTIAGUESAS,S.L.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2026/1730

A Xunta de Goberno Local de data 09/02/2026 (PRP2026/0418) adoptou o seguinte acordo referente á subministración de combustible e carburantes para os vehículos e instalacións municipais:

“(…)

1. Aprobar a continuidade da prestación do servizo de subministración de combustible e carburantes para os vehículos e instalacións municipais, para os meses de xaneiro a decembro de 2026 por importe de 147.060,00 €.
2. Autorizar e dispoñer o gasto do servizo de subministración de combustible e carburantes para os vehículos e instalacións municipais con cargo ás aplicacións orzamentarias que de seguido se relacionan e para as empresas sinaladas:

(…)”

Dáse conta das Facturas de subministración de gas nas instalación da Galiña Azul de Carril do ano 2026:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/ 2026/11 90	19/02/ 2026	FE26390007258732	19/02/ 2026	105,28	FC - Factura Conformada	A67760876	NATURGY CLIENTES, SAU	Consumo gas (CUPS ES0224050034772600FY PS Dirección OS ANXOS 9 13 LOCAL 36613 Vilagarcía de Arousa) / Consumo gas (C

Visto o que antecede, e debido que no acordo de XGL de 09/02/2026 non se tivo en conta o gasto de combustible nas instalacións da Galiña Azul de Carril, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a continuidade da prestación do servizo de subministración de combustible e carburantes para a instalación municipal da Galiña Azul de Carril, para os meses de xaneiro a decembro de 2026 por importe de 800,00 €.

2. Autorizar e dispoñer o gasto do servizo de subministración de combustible e carburantes para a instalación municipal da Galiña Azul de Carril da mercantil NATURGY CLIENTES, SAU (A67760876), con cargo á aplicación orzamentaria 323-22102 dentro do proxecto de gasto 2026/3/CRRTE/1/3, por importe de 800,00€.

PRP2026/1731

A Xunta de Goberno Local de data 09/02/2026 (PRP2026/0362) , adoptou o seguinte acordo referente á subministración de enerxía eléctrica do alumado público e dos edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa:

“(…)

1. Aprobar a continuidade da prestación do servizo de subministración de enerxía eléctrica do alumado público e dos edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, para os meses de xaneiro a decembro de 2026 por importe de 945.600,00 €
2. Autorizar e dispoñer o gasto do servizo de subministración de enerxía eléctrica do alumado público e dos edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía Arousa con cargo ás aplicacións orzamentarias que de seguido se relacionan e para as empresas sinaladas:

Terceiro	Nome	Programa	Economica	Descrición da Aplic.	Proxecto	IMPORTE ANO 2026
A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	334	22100	CULTURA-ENERXÍA ELÉCTRICA		4.200,00
A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	432	22100	TURISMO-ENERXÍA ELÉCTRICA		60,00
A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	920	22100	ADMÓN. XERAL.-ENERXÍA ELÉCTRICA		240,00
					TOTAL	4.500,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	135	22100	EMERXENCIAS-ENERXÍA ELÉCTRICA		13.200,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	160	22100	SUMIDOIROS - ENERGÍA ELÉCTRICA		136.800,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	164	22100	CEMITERIOS-ENERXÍA ELÉCTRICA		3.000,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	165	22100	ALUMADO PÚBLICO-ENERXÍA ELÉCTRICA		552.000,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	231	22100	SERVIZOS SOCIAIS-ENERXÍA ELÉCTRICA	2026/3/CRRTE/1/1	300,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	311	22100	ACCIÓN PÚB. SAÚDE.-ENERXÍA ELÉCTRICA		1.800,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	320	22100	PROMO. EDUCATIVA-ENERXÍA ELÉCTRICA		69.600,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	323	22100	ESCOLAS INFANTÍS-ENERXÍA ELÉCTRICA	2026/3/CRRTE/1/3	9.600,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	323	22100	ESCOLAS INFANTÍS-ENERXÍA ELÉCTRICA	2026/3/CRRTE/1/4	8.400,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	334	22100	CULTURA-ENERXÍA ELÉCTRICA		57.600,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	432	22100	TURISMO-ENERXÍA ELÉCTRICA		3.600,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	920	22100	ADMÓN. XERAL.-ENERXÍA ELÉCTRICA		61.200,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	1530	22100	VÍAS PÚBLICAS - ENERGÍA ELÉCTRICA		7.800,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	3262	22100	ESCOLA MÚSICA-ENERXÍA ELÉCTRICA		3.000,00
A61797536	GAS COMERCIALIZADORA NATURAL S.A.	4312	22100	MERCADOS-ENERXÍA ELÉCTRICA		13.200,00
					TOTAL	941.100,00
					TOTAL	945.600,00

(…)”

Dáse conta das Facturas de GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. (A61797536) desde o 01/01/2026 ata o 11/05/2026 da canceira municipal:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Operación	Tercero	Nombre
F/2026/239	22/01/2026	PI26142000029539	15/01/2026	823,13	\$1 Contabilizada	220260001249	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.
F/2026/1079	13/02/2026	PI26142000068237	12/02/2026	883,84	\$1 Contabilizada	220260004871	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.
F/2026/2502	20/04/2026	PI26142000148340	17/04/2026	481,13	E - Registrada		A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.
			TOTAL	2.188,10				

Como pode observarse o total dos importes das facturas desde inicio de ano é superior ao acordado en XGL de data 09/02/2026 (AD 220260001009 por importe de 1.800€) polo que é necesario a ampliación do crédito para o servizo de subministración de enerxía eléctrica da canceira municipal do ano 2026.

